

O VOLTER

(Arturo Lezcano Hernández)

Lamento moito non poder estar convosco hoxe, cando se trata de render homenaxe a un bar se non de tanta sona como o homónimo de Zurich, non proporcionalmente menor que o do dadá. A verdadeira historia do nome sobreimprimido ao do Tucho xa vola contará, ou xa vola contou antes, o Acisclo, un dos grandes artistas daquela bautizados “artistiñas” polo xenio de Vicente Risco.

É moi plausíbel a iniciativa do Pen Club e mais a Fundación Casares, mais lamento tamén que a tentativa de recuperar *O Volter* chegue demasiado tarde ou demasiado cedo, asegún.

Demasiado tarde porque, malia o esforzo duns poucos para salvar o local antes do derrube, a nugalá, se non a indiferencia, do Ourense oficial deixou que os muros se viñesen abaixo, un deles esnaquizando o mural testemuño do De Dios. Alguén copiou antes da desfeita parte do que penduraba daqueles, só interesantes en determinados casos, pois, a facer un dobre xogo, certos visitantes ocasionais de Ourense perdían o cú por que o seu nome aparecese a carón dos creadores risquianos. De maneira especial reproducíuse no oportuno libro da Tros o testamento de don Vicente durante o entroido - a el non lle gustaba dicir antroido - Na publicación da Sofía, ourensá adoptiva, recóllense varias das estrofas, anque falta algunha. Por exemplo aquela que Risco tivo a xenerosidade de adicar o Julio Gimeno - xornalista e escritor salientábel -, a quen por certo trouxemos recentemente á memoria do noso Ourense; nesa estrofa está presente tamén un servidor. Recupéroa para que o texto sobreviva como saíu da pluma do testador: “(...) *O Oscar a Arturo Lezcano/ y para Julio Gimeno/ el Premio Nadal en mano (...)*”

Doutra banda o roteiro, a moda dos roteiros comeza a se parecer máis aos via crucis: de estación en estación dos locais ocupados por outros edificios suplantadores ou valeiros. Así o número 47 da rúa de Santo Domingo, fogar de Risco e da revista *Nós* que en tantos sentidos debería se intitular *Eu*. O bar *El Cortijo*, no paseo, e o *Parque*, as dúas últimas tertulias - iso de faladoiro é un hiperenxebrismo - risquianas, porque *O Volter*, onde ía ás veces, non foi propiamente unha delas. Só se ergue auténtica, mais tamén valeira, a casa natal do autor de *O porco de pé* e asemade de don Ramón, de don Ramón Otero Pedrayo, naturalmente.

A homenaxe chega tamén un cachiño cedo, pois estamos vivos aínda o Virxilio, o Baltar, o Acisclo, o Buciños, o Augusto Valencia, Xosé Luis de Dios, Julito Losada e eu mesmo. Non son chegados aínda os tempos da mitificación.

Deixemos que o mito agrome só cando se perda toda a pegada de feitos históricos, segundo o definía Vicente Risco.